

**REUNIÓN DA COMISIÓN 5ª, SANIDADE,
POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO**

Día: 06.02.2019 Hora: 10:30

A Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 6 de febreiro de 2019, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único: Propositions non de lei

- 1.1 39998 (10/PNC-003219)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación existente no servizo de transporte sanitario terrestre e a convocatoria de folga no sector
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 383, do 14.11.2018
- 1.2 41230 (10/PNC-003353)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre a dotación pola Xunta de Galicia ao novo centro de saúde da Estrada dunha base para a ambulancia do 061, así como dun lugar de descanso para os traballadores
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 397, do 13.12.2018
- 1.3 41353 (10/PNC-003362)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula e Villares Naveira, Luis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central para mellorar as condicións de vida das persoas xordocegas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 397, do 13.12.2018
- 1.4 42305 (10/PNC-003431)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Rodríguez Arias, Marta e 6 máis
Sobre as medidas para mellorar o acollemento familiar dos nenos e nenas e adolescentes e o acollemento familiar de menores estranxeiros non acompañados
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 410, do 14.01.2019
- 1.5 42683 (10/PNC-003449)



Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a exixencia do cumprimento da normativa e dos estándares de calidade exixidos para os centros residenciais e do funcionamento da residencia de maiores de Trives (Ourense)

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 414, do 18.01.2019

1.6

42789 (10/PNC-003454)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre o número de centros de saúde construídos e que se van construír en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 414, do 18.01.2019

1.7

42839 (10/PNC-003457)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre a situación actual da asistencia sanitaria na comarca Ulla-Umia

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 414, do 18.01.2019

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2019

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez
Presidenta da Comisión



Asinado dixitalmente por:

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 30/01/2019 13:01:29



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 30/01/2019 13:57:19
Nº Rexistro: 13651
Data envío: 30/01/2019 13:57:19.211

CSV: REXISTRO-7xIUk18Pl-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta	
Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez	P
Vicepresidente	
Miguel Ángel Tellado Filgueira	P
Secretaria	
María Montserrat Prado Cores	BNG

Vogais

María Encarnación Amigo Díaz	P
Noela Blanco Rodríguez	S
María Ángeles García Míguez	P
Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P
Marta Rodríguez Arias	P
María Soraya Salorio Porral	P
Eva Solla Fernández	EM
Julio Torrado Quintela	S
Paula Vázquez Verao	EM

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 06.02.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 06.02.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 39998(10/PNC-003219)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación existente no servizo de transporte sanitario terrestre e a convocatoria de folga no sector

Publicación da iniciativa, 383, 14.11.2018



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2018 18:28
Nº Rexistro: 39998
Data envío: 08/11/2018 18:28:13.648

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**, relativa á situación no servizo de transporte sanitario terrestre e a convocatoria de folga no sector.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O transporte sanitario terrestre é un servizo vital, e todo fai indicar que o Goberno galego está a optar por un modelo de xestión que mercantiliza a saúde, significa recortes na prestación do servizo, non se garante a calidade na prestación, e non se respectan os dereitos laborais d@s traballadores/as.

O Sergas sacou a concurso e realizou a adxudicación do servizo de transporte sanitario terrestre, no que as empresas presentaron ofertas á baixa. Este concurso xerou malestar e preocupación entre as empresas galegas do sector, e @s traballadores/as. Existían fundados temores de que tal como se estaba a realizar o concurso puidera haber trato de favor e repercutiría nunha mingua das condicións laborais d@s traballadores/as, e unha perda significativa de emprego e deterioro da calidade asistencial.

Os temores estanse a verificar en feitos, estanse a producir toda unha cadea de incumprimentos que afectan ao funcionamento do servizo de ambulancias, @s traballadores/as, @s doentes e á calidade asistencial.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2018 18:28
Nº Rexistro: 39998
Data envío: 08/11/2018 18:28:13.648

As empresas concesionarias do servizo pretenden que sexan @s traballadores/as @s as que carguen cos custe. Alegan que os orzamentos dos contratos non lles dan para cubrir os gastos do servizo e, aproveitándose das facilidades introducidas polas reformas laborais, propoñen rebaixas nas condicións laborais e salariais, mesmo teñen solicitado unha inaplicación do convenio que contempla un aumento de horas de traballo, a rebaixa das melloras sociais e unha redución salarial. Xa se ten producido o empeoramento das condicións laborais no que ten que ver co aumento de horas e o incremento, de entre un 10 e un 20%, da carga de traballo a consecuencia do incremento paralelo dos servizos que ten que atender o 061 tanto urxentes como non urxentes, aumentou o número de servizos, pero non os cadros de persoal. As traballadoras e traballadores son quen sofren as consecuencias.

A patronal do sector está a bloquear calquera posibilidade de negociación e incluso ameaza con despedimentos se os traballadores non aceptan as condicións que propoñen, polo que a Confederación Intersindical Galega ten convocada folga no sector.

Os incumprimentos danse por parte das empresas adxudicatarias, mais a responsabilidade desta situación tamén é da propia administración, xa que tanto @s responsábeis do 061, como do Sergas son perfectamente coñecedores do que está a acontecer e non realizan as tarefas nin de vixilancia nin de control.

Polas razóns expostas, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, presenta a seguinte proposición non de lei para o seu tratamento na Comisión 5ª:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2018 18:28
Nº Rexistro: 39998
Data envío: 08/11/2018 18:28:13.648

-Levar a cabo unha función de mediación entre as empresas adxudicatarias do servizo público de transporte sanitario terrestre e @s traballadores/as.

-Que garantice os dereitos laborais d@s traballadores/as que prestan servizo para as empresas adxudicatarias do servizo de transporte sanitario terrestre.

-Que exerza a labor de vixilancia e control, sobre a prestación do servizo por parte das empresas, nas condicións establecidas nos pregos.

-Rectificar a súa política de primar os criterios económicos sobre a calidade asistencial, nos concursos para a adxudicación do servizo público de transporte sanitario terrestre e @s traballadores/as.”

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2018 18:28
Nº Rexistro: 39998
Data envío: 08/11/2018 18:28:13.648

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 08/11/2018 18:25:42

Ana Pontón Mondelo na data 08/11/2018 18:25:46

Xose Luis Rivas Cruz na data 08/11/2018 18:25:48

Olalla Rodil Fernández na data 08/11/2018 18:25:49

Noa Presas Bergantiños na data 08/11/2018 18:25:50

Xosé Luis Bará Torres na data 08/11/2018 18:25:52

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 06.02.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 41230(10/PNC-003353)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a dotación pola Xunta de Galicia ao novo centro de saúde da Estrada dunha base para a ambulancia do 061, así como dun lugar de descanso para os traballadores

Publicación da iniciativa, 397, 13.12.2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/12/2018 13:56:40
Nº Rexistro: 41230
Data envío: 03/12/2018 13:56:40.471



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5.^a**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A construción dun novo centro de saúde na A Estrada, pode ser unha boa oportunidade para situar nun anexo ao mesmo, unha base do 061.

Actualmente, a base do 061 atópase separada do centro de saúde, o que supón unha perda de tempo na recollida do equipo de facultativos, o cal debe saír todo xunto para atender ás Emerxencias sanitarias. Estimase polas profesionais, que a marxe de tempo que se aforraría sería entorno a 15 minutos, un tempo totalmente necesario en moitas das situacións nas que a saúde depende dunha rápida resposta.

Ademais, independentemente da mellora que supón de cara á atención sanitaria, a actual base onde se atopa situada a ambulancia do 061, resulta de todo incómoda para a limpeza e desinfección da ambulancia e do material, ademais de estar exposta a axentes climáticos como as xeadas ou as altas temperaturas.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dotar ao novo centro de saúde de A Estrada, dunha base para a ambulancia do 061 así como un lugar de descanso para os traballadores.





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/12/2018 13:56:40
Nº Rexistro: 41230
Data envío: 03/12/2018 13:56:40.471



Santiago de Compostela, 3 de decembro de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández
Deputada do G.P. de En Marea
Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 03/12/2018 13:50:05

Luis Villares Naveira na data 03/12/2018 13:50:15

CSX REXISTRO-r5MeVd47-5
Villares Naveira
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 06.02.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 41353(10/PNC-003362)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e Villares Naveira, Luis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central para mellorar as condicións de vida das persoas xordocegas

Publicación da iniciativa, 397, 13.12.2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/12/2018 09:30:00
Nº Rexistro: 41353
Data envío: 04/12/2018 18:49:32,439



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a través dos seus deputados **Paula Vázquez Verao** e **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5.ª**, en relación á mellora das condicións de vida das persoas xordocegas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As persoas xordocegas son un colectivo numeroso e invisible no noso país e no resto do Estado. A Lei 27/2007, de 23 de outubro, pola que se recoñecen as linguas de signos españolas e se regulan os medios de apoio á comunicación oral das persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas, define a estas persoas con discapacidade deste xeito: “persoas con xordocegueira: Son aquelas persoas cunha deterioración combinada da vista e oído que dificulta o seu acceso á información, á comunicación e á mobilidade. Esta discapacidade afecta gravemente as habilidades diarias necesarias para unha vida minimamente autónoma, require servizos especializados, persoal especificamente formado para a súa atención e métodos especiais de comunicación.”

Estímase, segundo as asociacións e entidades que traballan neste eido, que en Galiza hai unhas 13.000 persoas con diversidade audiovisual e unhas 250.000 persoas. Sen embargo, estes datos son moi dubidosos, porque non hai un censo específico sobre esta afección a pesares de que houbo o compromiso do Goberno do Estado de dispoñer do mesmo en 2018.





Segundo o censo de persoas con discapacidade en Galiza (ano 2017), hai, con discapacidade recoñecida, no noso País, 23.655 persoas con discapacidade visual e 26.037 con discapacidade auditiva, pero carécese de datos oficiais sobre as persoas xordocegas. Existe un gran grupo de persoas que se poderían catalogar como xordocegas, moitas delas persoas maiores, xa que na terceira idade é moi frecuente a perda auditiva e visual, sendo un 60% das persoas xordocegas maiores de 65 anos.

O Real Decreto Lexislativo 1/2013, de 29 de novembro, que aproba o texto refundido da lei xeral de dereitos de persoas con discapacidade e da súa inclusión social recolle os dereitos das persoas con diversidade funcional, entre os que se atopan as persoas con discapacidade auditiva e visual, para as que non existe a plena integración na sociedade en diversas situacións cotiás, tan fundamentais e habituais como acudir aos servizos sanitarios ou aos supermercados.

Polo exposto o Grupo Parlamentario de En Marea, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5.^a

O Parlamento de Galicia insta a Xunta a:

1. Colaborar co Goberno do Estado para a realización dun censo efectivo e real das persoas xordocegas para que estea rematado antes de mediados de 2019.
2. Dirixirse ao Goberno do Estado para regular a aplicación a todos os produtos dun sistema de identificación en sistema braille que indique o contido do produto, así como a instalación de códigos e lectores dos mesmos que indiquen mediante sons de que produtos se trata.
3. Impulsar protocolos específicos de detección precoz da xordocegueira en Atención Primaria.
4. Garantir a accesibilidade universal aos servizos sanitarios galegos.





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/12/2018 09:30:00
Nº Rexistro: 41353
Data envío: 04/12/2018 18:49:32.439

Santiago de Compostela, 4 de decembro de 2018

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Luís Villares Naveira

Deputada e Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 04/12/2018 18:48:22

Luis Villares Naveira na data 04/12/2018 18:48:32



CSV REXISTRO-85JHU00-8

Verificado

<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 06.02.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.4 42305(10/PNC-003431)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Arias, Marta e 6 máis

Sobre as medidas para mellorar o acollemento familiar dos
nenos e nenas e adolescentes e o acollemento familiar de
menores estranxeiros non acompañados

Publicación da iniciativa, 410, 14.01.2019



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2018 10:00:00
Nº Rexistro: 42305
Data envío: 28/12/2018 16:37:53.783

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados **Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral, Marián García Míguez, Aurelio Núñez Centeno, Miguel Tellado Filgueira, Encarna Amigo Díaz e Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte Proposición non de Lei para o seu debate en **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos:

A implicación e solidariedade das familias que acollen a nenos, nenas e adolescentes en situación de desamparo é fundamental no obxectivo de procurar que estas persoas menores vivan nun ambiente normalizado no que se sintan protexidos, queridos e poidan desenvolverse plenamente.

Tamén é fundamental o apoio da Xunta a estas familias, que este ano 2018 incrementou ata os 3,4 millóns de euros o orzamento destinado ao programa de acollemento.

Na actualidade, máis de 1.500 nenos, nenas e adolescentes están en acollemento familiar, ben sexa en familia extensa ou allea. Esta cifra eleva ata o 59% a porcentaxe de menores baixo esta medida, que forma parte do sistema de protección da Administración autonómica.

Dende a Consellería de Política Social realízase un apoio íntegro ao recurso de acollemento familiar por considerar que é o mellor recurso de protección para os nenos, nenas e adolescentes en situación de risco ou desamparo.

Este apoio íntegro manifestase no incremento realizado a achega económica polo acollemento de nenos, nenas e adolescentes de 3 a 18 anos; así como na mellora este ano do sistema de pagamento co obxectivo de que a familia extensa perciba unha axuda en todos os casos nos que os seus ingresos per cápita sexan inferiores a 7.500 euros. Esta medida chegou ao 95 % das familias acolledoras.

Nos orzamentos do ano 2019 a Xunta destina 3,4 millóns de euros, consolidando o incremento do 40% que se aplicou este ano.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



CSM-REXISTRO-08PULUKXq-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramilas/csv/>



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2018 10:00:00
Nº Rexistro: 42305
Data envío: 28/12/2018 16:37:53.783

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes presentan a seguinte Proposición non de Lei en Comisión:

“O Parlamento insta á Xunta de Galicia a seguir apostando polo acollemento familiar dos nenos, nenas e adolescentes que estean baixo o sistema de protección co fin de acadar máis do 60% e de impulsar o acollemento familiar de menores estranxeiros non acompañados”.

Santiago de Compostela 28 de decembro de 2018.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 28/12/2018 16:32:50

Marta Rodríguez Arias na data 28/12/2018 16:32:56

María Soraya Salorio Porral na data 28/12/2018 16:33:10

María Ángeles García Míguez na data 28/12/2018 16:33:22

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 28/12/2018 16:33:49

María Encarnación Amigo Díaz na data 28/12/2018 16:33:56

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 28/12/2018 16:34:03

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 28/12/2018 16:34:21



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 06.02.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.5 42683(10/PNC-003449)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a exixencia do cumprimento da normativa e dos
estándares de calidade exixidos para os centros residenciais
e do funcionamento da residencia de maiores de Trives
(Ourense)

Publicación da iniciativa, 414, 18.01.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2019 13:08:11
Nº Rexistro: 42683
Data envío: 08/01/2019 13:08:11.442

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e dos seus deputados **Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández e Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

O envellecemento poboacional constitúe unha realidade e singular característica para Galicia, que irá en aumento nos próximos anos, sen que teña para moitas das persoas maiores unha axeitada resposta por parte dos poderes públicos e en concreto por parte da Comunidade Autónoma, competente en materia de servizos sociais que inclúe ás políticas de familia, benestar social, inclusión social, servizos comunitarios, atención ás persoas con discapacidade e ás persoas maiores.

O Plan de traballo do Consello de Contas para o ano 2016, aprobado polo Pleno do Consello o 4 de decembro de 2015, contemplaba a realización dun informe sobre o gasto público autonómico en centros residenciais para persoas maiores e persoas con discapacidade. En xullo do 2018 coñecemos dito documento, que arroxa preocupantes datos sobre a situación da atención aos maiores na nosa comunidade autónoma.

O informe sinala nas súas conclusións que a ratio de prazas residenciais en Galicia é inferior á media estatal, e sitúase moi por debaixo do recomendado pola OMS, producíndose ademais nestes últimos anos un maior incremento das prazas privadas (na actualidade o 65 por cento do total das prazas ofertadas), en detrimento das xestionadas directamente pola administración autonómica.

Ademais, o prazo medio ou de trámite do procedemento para o recoñecemento do dereito a unha praza residencial no exercicio 2015 foi de 453 días, moi superior dos 6 meses que marca a lexislación, e o tempo medio de espera ata conseguir o ingreso no centro residencial, de 154 días, case o dobre do estipulado pola normativa aplicable.

O informe chama a atención tamén sobre as graves deficiencias na xestión dos

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSX-REXISTRO-GW4JSr8M-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2019 13:08:11
Nº Rexistro: 42683
Data envío: 08/01/2019 13:08:11.442

centros residenciais, en especial daqueles cuxa xestión está privatizada, referidos a incumprimentos en materia de persoal, fundamentalmente do cociente do persoal de atención directa e a non diferenciación de funcións por categorías profesionais ; uso inadecuado das instalacións; deficiencias nos protocolos de funcionamento; falta de rigor dos rexistros... A pesares de que estes son factores que repercuten na calidade do servizo que se presta aos residentes, nos casos nos que as irregularidades observadas non se corrixiron posteriormente a ser notificadas, a Xunta de Galicia non iniciou expedientes sancionadores.

A residencia de maiores de Trives, xestionada pola Mancomunidade das Terras do Navea- Bibei (que leva anos sen reunirse), ten unha capacidade aproximada de 60 prazas, para atender a unha comarca cuxas proxeccións poboacionais do IGE sinalan que a finais da próxima década a idade media da poboación superará os 60 anos.

Nestes últimos meses acumúlanse queixas de usuarios e usuarias e das súas familias ademais de polo deficiente estado en que se atopan as súas instalacións, pola escaseza de profesionais. A estas denuncias hai que sumar a realizada recentemente por un médico do PAC de Trives, quen advertiu da falla de persoal cando nunha visita para atender a un paciente comprobou que o persoal que existe para atender a 60 persoas se reduce a unha auxiliar de clínica e a unha axudante da auxiliar, encargadas de levantar, asear, dar de comer a moitos usuarios e usuarias con mobilidade reducida, así como de darlles á medicación que teñen que preparar e repartir elas sen ningún tipo de apoio de persoal de enfermaría. Incumprindo claramente, coa complicidade da Xunta de Galicia, as condicións e requisitos específicos establecidos para os centros de atención, regulados na Orde do 18 de abril de 1996, de desenvolvemento do *Decreto 243/1995, de 28 de xullo*, derrogado polo *Decreto 254/2011, de 23 de decembro*. Esta orde foi modificada posteriormente pola *Orde do 13 de abril de 2007 e pola do 20 de xullo de 2010*, que regulan as condicións e requisitos específicos que deben cumprir os centros de atención a persoas maiores. En canto aos requisitos de persoal, establécese nesta normativa vixente, que a ratio mínima de persoal de atención directa en réxime de xornada completa será de 0,20 por residente con autonomía, e de 0,35 por residente dependente. Para garantir a vixilancia e o coidado da saúde dos residentes por persoal cualificado para esta función, a norma establece que aqueles centros que teñan máis de 40 prazas, ademais da presenza localizada do persoal médico, deberán contar coa presenza física de ATS ou DUE ás 24 horas.



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2019 13:08:11
Nº Rexistro: 42683
Data envío: 08/01/2019 13:08:11.442

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Realizar unha inspección de maneira urxente na residencia de maiores de Trives (Ourense), para comprobar o estado no que se atopan as súas instalacións, así como que se cumpre coa ratio mínima de persoal de atención directa en réxime de xornada completa de 0,20 por residente con autonomía, e de 0,35 por residente dependente establecida pola lexislación vixente, así como garantir a vixilancia e o coidado da saúde dos residentes por persoal cualificado para esta función, coa presenza localizada de persoal médico, e coa presenza física de ATS ou DUE ás 24 horas, tal e como establece a normativa actual.
 - a) En caso de detectar irregularidades na inspección deste centro, tomar todas as medidas ao seu alcance para garantir que de maneira urxente se subsanen ditas deficiencias.
2. Esixir aos centros residenciais que manteñan actualizados, permanentemente, os datos que consten no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos sociais (RUEPSS) en canto instrumento público de publicación e de ordenación do Sistema Galego de Servizos Sociais.
3. Reforzar o labor inspector, incrementando durante a X lexislatura os recursos humanos para vixiar os incumprimentos da normativa ou estándares de calidade esixidos, adoptando en caso de que sexa necesario as medidas sancionadoras recollidas na *Lei 13/2008 do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia*.
4. Dotarse de maneira urxente dun sistema informático normalizado para a xestión do persoal dos centros da nosa comunidade autónoma co obxecto de facilitar a xestión, e ofrecer información precisa da cobertura efectiva das xornadas de traballo.

Pazo do Parlamento, 8 de xaneiro de 2019

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2019 13:08:11
Nº Rexistro: 42683
Data envío: 08/01/2019 13:08:11.442

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 08/01/2019 13:05:58

Raúl Fernández Fernández na data 08/01/2019 13:06:03

Julio Torrado Quintela na data 08/01/2019 13:06:07

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 08/01/2019 13:06:12



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 06.02.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.6 42789(10/PNC-003454)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre o número de centros de saúde construídos e que se van
construír en Galicia

Publicación da iniciativa, 414, 18.01.2019



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2019 11:29:29
Nº Rexistro: 42789
Data envío: 09/01/2019 11:29:29.881

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa ao anuncio do Presidente da Xunta ao respecto do número de centros de saúde construídos e que se van construír en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No pleno do Parlamento do 19 de decembro de 2018 na sesión de control ao Presidente da Xunta á pregunta formulada pola Portavoz Parlamentar do BNG Ana Pontón, este asegurou que:

“levamos construídos 54 centros de saúde e investidos 110 millóns de euros. Vamos construír ou ampliar 20 novos centros de saúde máis, e ao final da lexislatura teremos 82 centros de saúde novos ou ampliados”.

Diante desta afirmación o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu tratamento en comisión:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a que presente neste Parlamento un informe no prazo máximo dun mes coa seguinte información:

CSA-REXISTRO-C30gTqa3n-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2019 11:29:29
Nº Rexistro: 42789
Data envío: 09/01/2019 11:29:29.881

- Relación dos 54 centros de saúde construídos, con data de inicio e de finalización e orzamento de cada un deles
- Relación dos 20 centros de saúde que se van construír ou ampliar con data de inicio e finalización e orzamento de cada un deles.
- Relación dos 82 centros de saúde novos ou ampliados que se terán ao final de lexislatura, con data de inicio e finalización e orzamento de cada un deles.”

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 09/01/2019 11:00:15

CSV REXISTRO-C39gTq2h-2
Validado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2019 11:29:29
Nº Rexistro: 42789
Data envío: 09/01/2019 11:29:29.881

Ana Pontón Mondelo na data 09/01/2019 11:00:21

Xose Luis Rivas Cruz na data 09/01/2019 11:00:23

Olalla Rodil Fernández na data 09/01/2019 11:00:24

Noa Presas Bergantiños na data 09/01/2019 11:00:26

Xosé Luis Bará Torres na data 09/01/2019 11:00:27

CSV REXISTRO-C39gTqa8n-2
Validado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 06.02.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.7 42839(10/PNC-003457)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre a situación actual da asistencia sanitaria na comarca
Ulla-Umia

Publicación da iniciativa, 414, 18.01.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2019 13:47:47
Nº Rexistro: 42839
Data envío: 09/01/2019 13:47:47.933

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela** e **Noela Blanco Rodríguez**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.


Exposición de motivos

A situación da atención sanitaria en Galicia está sufrindo un conflito crecente que mantén por un lado aos profesionais, tanto individualmente como a través dos colectivos que os representan, organizacións sindicais, partidos políticos, administracións locais, asociacións de pacientes e moitos colectivos afectados pola atención sanitaria, que son practicamente todos os veciños e veciñas.

En particular, na comarca Ulla – Umia afecta o progresivo deterioro da capacidade asistencial en atención primaria, que a pesares dos esforzos do persoal, está perdendo calidade debido aos recortes persistentes que dende os gobernos autonómicos e estatais se viñeron aplicando nos últimos anos.

Existe un problema tanto a nivel de infraestruturas como de persoal. En termos de infraestruturas, hai demandas de extrema necesidade como un novo centro de saúde en Caldas de Reis, onde a Xunta de Galicia leva mareando a situación sobre o terreo ideal para iniciar este centro, cambiando constantemente de opinión e demorando a decisión de iniciar a construción dese novo centro necesario. Unha situación semellante ten ocorrido en A Estrada, onde se ninguneou ao Goberno municipal cando era o PSdeG o responsable daquela, pero se comezou a afrontar a situación dun novo centro de saúde cando o PP chegou á responsabilidade de Goberno municipal. A pesares dese inicio, non existen partidas concretas nos orzamentos autonómicos que poidan afrontar con seriedade prazos e formas para o novo centro, debendo estes poder ser avaliados e fiscalizados (o que agora non pode ocorrer ao non haber compromiso concreto orzamentario).

No que corresponde ao persoal, esta comarca sofre en primeira persoa os problemas que o Sergas ten noutros lugares de Galicia debido aos recortes de persoal e ás nefastas condicións laborais que se ofrecen aos profesionais. Así existiron protestas veciñais contundentes polo ninguneo e desatención da Consellería de Sanidade aos concellos de Cuntis e Moraña pola ausencia de





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2019 13:47:47
Nº Rexistro: 42839
Data envío: 09/01/2019 13:47:47.933

pediatras, ou no caso de Cuntis coa non substitución de persoal de medicina de familia e non arranxo das deficiencias do centro de saúde. Este mesmo problema, tanto de persoal como sobre o mantemento do centro dáse no concello de Barro, onde tamén existen accións veciñais que reivindicán as necesidades de arranxos nun centro que ten deficiencias estruturais ademais da non substitución de profesionais que provocan saturacións e sobreesforzos sobre os propios profesionais que soportan o máximo posible.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Abrir unha canle de diálogo co Concello de Caldas de Reis co fin de conquistar o necesario novo centro de saúde que se demanda, definindo á maior brevidade a localización futura deste centro.
2. Comprometer a inclusión de partidas nominais nos orzamentos 2020, e seguintes se fose preciso, para garantir a construción nos prazos axeitados do centro de saúde de A Estrada
3. Garantir a cobertura de substitucións dos profesionais de atención primaria, coa contratación extraordinaria dos profesionais en listas de substitución e dos recentes titulados MIR, para poder cubrir as necesidades demandadas polos profesionais dende os centros de saúde.
4. Realizar unha avaliación do estado dos centros de saúde para afrontar un plan de mellora de infraestruturas que permita garantir a calidade dos centros e evitar problemas de accesibilidade e mantemento.

Pazo do Parlamento, 9 de xaneiro de 2019

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es






PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2019 13:47:47
Nº Rexistro: 42839
Data envío: 09/01/2019 13:47:47.933

Julio Torrado Quintela na data 09/01/2019 13:41:21

Noela Blanco Rodríguez na data 09/01/2019 13:41:27

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 09/01/2019 13:41:32



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es